

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 29 de xaneiro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para demolición da edificación de planta baixa e alta, situada en solo urbano, na rúa Menorca, número 15.

Tamén se acorda a denegación de licenza de legalización de edificio destinado a almacén agrícola, en Miñao, número 11, San Martín de Piñeiro.

Do mesmo xeito acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 6/791 da Xunta de Goberno Local do 30 de outubro de 2013 de denegación de licenza instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Miguel de Cervantes, número 58.

Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo 7/802 da Xunta de Goberno Local do 6 de novembro de 2013 de denegación de licenza instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Portugal, numero 19.

Así mesmo, acórdase a desestimación da petición de silencio administrativo na solicitude de licenza de obra para reforzo de estrutura e mellora de fachada no edificio sito na rúa Castiro, número 4.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto refundido de urbanización do Polígono das Saamasas Sector Sunp N-I.

Código Seguro de verificación:5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	17/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por un funcionario adscrito a dependencia de Protocolo e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a modificación do punto “6. Comisión de valoración” das bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de xefe/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Así mesmo, acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por unha funcionaria adscrita a drogodependencia e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por persoal adscrito á Intervención municipal e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar en parte o recurso de reposición interposto, no que insta a anulación da liquidación número 6494606 (1728/2013), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola instalación dun tótem publicitario na rúa da Industria e rúa da Agricultura, parcela 111-112, subparcela P1.


Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para a instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Cornubia, 5.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para modificación da licenza aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de xuño de 2008 para construír un edificio na parcela 3 da Unidade de Actuación CN-19.

Acórdase estimar a regularización da situación tributaria, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 1843/2011 outorgada para demolición de edificación existente e construción de dúas vivendas unifamiliares apegadas na rúa do Portiño, 18.

Código Seguro de verificación:5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	17/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==	PÁGINA	2/3


5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==

Así mesmo, acórdase aprobar a regularización da situación tributaria, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír unha vivenda unifamiliar no núcleo rural 5.3 Anxos, parroquia de Viador, sen inclusión do peche da parcela.

Tamén se acorda estimar a regularización da situación tributaria, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras número 18/2010, concedida para construír un edificio na rúa Mar Cantábrico, 80.

Do mesmo xeito, acórdase estimar a regularización da situación tributaria, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras número 1528/2010 concedida para rehabilitación e ampliación de edificio na rúa San Lourenzo, 11.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

Acórdase a concesión de licenza para demolición de solera, consolidación de terreo e desescombro de restos derivados do colapso de muro de contención entre ambas parcelas e derribo parcial de nave, sita na rúa das Cesteiras, 7-8, rúa dos Carros, 15.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.

Código Seguro de verificación:5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural		FECHA	17/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==	PÁGINA	3/3



5N47ynX+SGGhI4XJTOVmmA==